



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE FACENDA  
Dirección Xeral de Política Financeira  
e Tesouro

---

## MEDIACIÓN DE SEGUROS

COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

INFORME 2011

---

## INDICE

### 1.- INTRODUCCIÓN

### 2.- COMPETENCIAS E LEXISLACIÓN APLICABLE NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

### 3.- METODOLOXÍA UTILIZADA

- 3.1.- Obtención da información
- 3.2.- Depuración de datos
- 3.3.- Tratamento da información

### 4.- O REXISTRO DE MEDIADORES

- 4.1.- Situación a 31 de decembro de 2011
- 4.2.- Situación a 31 de decembro de 2012
- 4.3.- Evolución do rexistro autonómico 2007-2012
- 4.4.- Mediadores inscritos no rexistro estatal a 31 de decembro de 2012

### 5.- INDICADORES DO SECTOR DA MEDIACION DE SEGUROS NA COMUNIDADE GALEGA

- 5.1.- PRIMAS
  - 5.1.1 - Distribución por ramos
  - 5.1.2 - Distribución ramos de non vida
  - 5.1.3.- Distribución ramos de vida
  - 5.1.4 - Distribución por figura da mediación
  - 5.1.5 - Compañías aseguradoras
  - 5.1.6 - Rede de distribución

- 5.2.- COMISIÓNS
  - 5.2.1.- Distribución por ramos
  - 5.2.2.- Distribución no ramo de non vida
  - 5.2.3.- Distribución no ramo de vida
  - 5.2.4- Distribución por figura da mediación

- 5.3.- HONORARIOS

### 6.- ESTRUCTURAS EMPRESARIAIS

- 6.1.- Medios persoais
- 6.2.- Oficinas e sucursais

### 7.- CONCLUSIÓNS

ANEXO I: Evolución do rexistro autonómico 2007-2012

---

## I.- INTRODUCCIÓN

O obxecto do presente informe é recoller a actividade de mediación desenvolvida polos corredores e axentes de seguros vinculados no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

A Lei 26/2006, do 17 de xullo, de mediación de seguros y reaseguros privados establece a obriga de inscrición de todos os mediadores de seguros, auxiliares-asesores e corredores de reaseguros residentes ou domiciliados en España con carácter previo ao inicio da súa actividade. Os datos correspondentes a estas figuras inscríbense nos rexistros administrativos que levan tanto a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións como as comunidades autónomas con competencias en mediación de seguros e fanse públicos a través dun punto único de información accesible a través da páxina web da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións.

Unha vez iniciada a súa actividade, os corredores de seguros e de reaseguros e os axentes e operadores de banca-seguros vinculados deben remitir ao órgano no que estean inscritos a información estatístico-contable co contido e a periodicidade que se determine regulamentariamente.

Para a elaboración deste informe sobre a actividade de mediación en Galicia tratáronse os datos correspondentes ao exercicio 2011 achegados no pasado ano 2012 polos corredores e axentes de seguros vinculados inscritos no Rexistro administrativo especial de mediadores de seguros, corredores de reaseguros e dos seus altos cargos da Comunidade Autónoma de Galicia.

Ademais inclúese información sobre a situación do rexistro autonómico nos anos 2011 e 2012 e un anexo sobre a súa evolución de 2007 a 2012. Incorpóranse tamén datos recollidos no punto único de información relativa aos mediadores con domicilio en Galicia e ámbito de actuación a nivel estatal a 31 de decembro de 2012.

## 2.- COMPETENCIAS E LEXISLACIÓN APLICABLE NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

A Lei orgánica 6/1999, do 6 de abril, de transferencia de competencias á Comunidade Autónoma de Galicia, establece que lle corresponde á Comunidade Autónoma galega a competencia de desenvolvemento legislativo e execución en materia de ordenación do crédito, banca e seguros. En aplicación da citada lei orgánica, polo Real Decreto 1748/1999, do 19 de novembro, transferíronse á comunidade autónoma as funcións e servizos da Administración do Estado en materia de mediadores de seguros. O Decreto 321/1999, do 16 de decembro, atribúe ditas funcións e servizos á Consellería de Economía e Facenda.

---

Na actualidade as competencias en materia de mediación de seguros e reaseguros privados de conformidade co establecido no Decreto 307/2009, do 28 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Facenda, están asignadas á Consellería de Facenda correspondéndolle as funcións á Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro a través da Subdirección Xeral de Supervisión de Caixas de Aforro e Entidades Financeiras.

No exercicio das referidas competencias publicáronse a Orde do 18 de xullo de 2000 de creación do Rexistro de Corredores de Seguros, de Sociedades de Corredoría de Seguros e dos seus altos cargos; o Decreto 118/2001, do 10 de maio, de regulación das competencias da comunidade autónoma en materia de mediación en seguros privados e, posteriormente a Orde do 17 de xuño de 2005 sobre os libros-rexistro e o deber de información estatístico-contable dos corredores de seguros e as sociedades de corredoria de seguros.

A aprobación da Lei 26/2006, do 17 de xullo, de mediación de seguros e reaseguros privados levou consigo a modificación da normativa autonómica na materia. Así, en primeiro lugar publicouse o Decreto 298/2008, do 18 de decembro, polo que se regulan as competencias da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de mediación de seguros e reaseguros privados, que derrogou o anterior Decreto 118/2001, e de seguido a Orde do 10 de febreiro de 2009 sobre os libros-rexistro e o deber de información dos mediadores de seguros e reaseguros privados da Comunidade Autónoma de Galicia, así como a Orde do 17 de marzo de 2009 pola que se regula o rexistro administrativo especial de mediadores de seguros, corredores de reaseguros e dos seus altos cargos na Comunidade Autónoma de Galicia.

Con posterioridade o Ministerio de Economía e Facenda publica o Real decreto 764/2010, do 11 de xuño, polo que se desenvolve a Lei 26/2006, do 17 de xullo, de mediación de seguros e reaseguros privados en materia de información estatístico-contable e do negocio, e de competencia profesional, que amplía a información que os mediadores de seguros están obrigados a proporcionar á Administración competente, tendo a consideración de lexislación básica ao abeiro do disposto na súa disposición derradeira primeira.

Por este motivo, e de acordo coa habilitación de desenvolvemento establecida na disposición derradeira da Orde do 10 de febreiro de 2009, que habilita ao director xeral con competencias en materia de supervisión de seguros para realizar as modificacíons que resulten necesarias nos modelos de documentación anual dos mediadores de seguros, levouse a cabo a derradeira modificación na normativa autonómica na materia: a Resolución do 18 de abril de 2011, da Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro, pola que se aproban os modelos de información dos mediadores de seguros e reaseguros privados da Comunidade Autónoma de Galicia.

---

### 3.- METODOLOXÍA UTILIZADA

#### 3.1.- Obtención da información

As fontes de información utilizadas para elaborar o informe foron:

1.- O datos contidos no Rexistro administrativo especial de mediadores de seguros, corredores de reaseguros e dos seus altos cargos da Comunidade Autónoma de Galicia.

2.- Os datos subministrados polos mediadores inscritos no rexistro autonómico nas declaracíons estatístico-contables (DEC) do exercicio 2011, segundo os modelos publicados na Resolución do 18 de abril de 2011, da Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro.

3.- A información recollida no punto único de información (PUI) relativa aos mediadores con domicilio na Comunidade Autónoma de Galicia e ámbito de actuacións a nivel estatal.

#### 3.2.- Depuración de datos

As declaracíons presentadas foron posteriormente revisadas e analizadas e praticamente a totalidade dos mediadores inscritos no rexistro autonómico foron requiridos en unha ou varias ocasións para a súa subsanación.

A maioría dos erros detectados nas DEC do exercicio 2011 tiñan relación co seguro de responsabilidade civil, a capacidade financeira, o persoal afecto e non afecto á mediación e os datos contables (valor engadido, ingresos e gastos e conta de perdas e ganancias).

As incidencias no seguro de responsabilidade civil debéronse a cambios de pólizas, límites ou coberturas non comunicadas a este centro directivo aos efectos da súa inscrición no rexistro autonómico. As incidencias relativas ás faltas ou retrasos nas remisións dos recibos diminuíron substancialmente respecto ao ano anterior ao incorporarse a posibilidade de envío a través do correo electrónico do mediador ou directamente dende a aplicación da DEC.

Polo que respecta á capacidade financeira a maioría dos erros debéronse a confusións na clasificación das primas cobradas con cobertura inmediata e sen cobertura inmediata así como á forma de acreditala. Neste sentido todos os mediadores que declararon na documentación estatístico-contable do exercicio 2011 ter cuberta a capacidade financeira, ben por ter pactado coas entidades aseguradoras a domiciliación bancaria ou ben por ofrecer cobertura inmediata entregando o recibo, sen ter acreditada documentalmente esta circunstancia, foron requiridos para que achegasen os pactos

---

asinados coas compañías. Este requirimento foi efectuado tamén a aqueles mediadores que, tendo cuberta a capacidade financeira mediante unha póliza de seguro de caución, contratada polo importe mínimo establecido, declararon un volume elevado de primas intermediadas, aos efectos de comprobar se a contía da póliza cubría como mínimo o 4% do total das primas percibidas.

Polo que se refire á información sobre persoal afecto e non afecto á mediación tivéronse que emendar erros de duplicidade do persoal posto que en varias ocasións unha persoa adicada ás dúas funcións a computaban dobrente como empregado que participa e non participa directamente na mediación no apartado de medios persoais afectos á actividade de mediación.

A corrección de datos nos modelos contables deron lugar a requerimentos na práctica totalidade das declaracíons presentadas. O erro máis frecuente localizouse nos conceptos de “servizos exteriores” dentro do apartado do valor engadido e “outros gastos de explotación”, ben por non indicar ningún importe nalgún destes apartados ou consignar contías incoherentes. Así mesmo figuraban cantidades na partida de gastos de persoal que non se correspondían cos datos indicados no Modelo I relativos aos medios persoais afectos á actividade de mediación.

### 3.3.- Tratamento da información

A Subdirección Xeral de Supervisión de Caixas de Aforro e Entidades Financeiras a través do Servizo de Supervisión e Inspección de Entidades e Mediadores de Seguros analizou a documentación estatístico-contable de 138 mediadores.

Das 138 declaracíons analizadas, 35 corresponden á información facilitada polos axentes de seguros vinculados e 103 corresponden á información de corredores, persoas físicas e xurídicas. De cada unha destas figuras da mediación, logo de revisar as súas declaracíons, analizouse a seguinte información:

1. A relativa á carteira de seguros intermediada: primas total de negocio e nova produción, ramos de vida e non vida, volume en función do tipo de mediador, compañías e rede de distribución.
2. A relativa ás comisiós e honorarios: ramos de vida e non vida e distribución por tipo de mediador.
3. A relativa á estrutura da organización: medios afectos á actividade de mediación, órgano de dirección, empregados e auxiliares externos.

I.- A información relativa á carteira de seguros intermediada divídese nos seguintes apartados:

- Distinción entre o volume total da carteira e a nova producción.
- Distribución por ramos.
- Distribución por figura da mediación: corredores ( persoas físicas e xurídicas) e axentes vinculados ( persoas físicas e xurídicas).
- Compañías aseguradoras.
- Rede de distribución.

2.- A información relativa a comisións e honorarios desglósase nos seguintes puntos:

- Distribución das comisións en ramos de non vida e de vida.
- Distribución das comisións por figura da mediación: corredores ( persoas físicas e xurídicas) e axentes vinculados ( persoas físicas e xurídicas).
- Distribución dos honorarios entre os corredores ( persoas físicas e xurídicas).

3.- A información correspondente á estrutura da organización recolle os seguintes aspectos:

- Separación dos medios persoais afectos á actividade de mediación: organos de dirección, empregados que participan e non participan directamente na mediación e auxiliares externos.
- Oficinas e sucursais.

## 4.- O REXISTRO DE MEDIADORES

### 4.1.- Situación a 31 de decembro de 2011

A 31 de decembro de 2011, figuraban inscritos no Rexistro administrativo especial de mediadores de seguros, corredores de reaseguros e dos seus altos cargos da Comunidade Autónoma de Galicia 137 mediadores: 102 corredores e 35 axentes de seguros vinculados.

Atendendo á forma xurídica, a distribución dos mediadores é de 57 persoas físicas e 80 persoas xurídicas, conforme se indica a continuación:

Situación Rexistro Autonómico a 31/12/2011	
Axentes vinculados.....	15
Corredores.....	42
<b>Total Persoas Físicas.....</b>	<b>57</b>
Sociedades de axencia de seguros vinculadas.....	20
Sociedades de corredoría.....	60
<b>Total Persoas Xurídicas.....</b>	<b>80</b>
<b>TOTAL MEDIADORES</b>	<b>137</b>

No ano 2011 foron inscritos no rexistro autonómico 14 mediadores. Destas altas 8 foron persoas físicas, correspondendo 4 a axentes vinculados e 4 a corredores. As altas de persoas xurídicas foron 6 repartidas en 2 sociedades de axencia e 4 sociedades de corredoría.

A dirección xeral cancelou a inscrición de 4 mediadores, 1 axente vinculado persoal física e 3 corredores, destes 2 persoas físicas e 1 sociedade de corredoría de seguros. As cancelacións dun axente vinculado e dun corredor foron tramitadas a petición dos mediadores por ter previsto inscribirse como axentes de seguros exclusivos e a doutro corredor por motivo da súa xubilación. A cancelación da sociedade de corredoría tamén foi tramitada a instancia do mediador que comunicou a ampliación do ámbito xeográfico de actuación da actividade de corredoría de seguros fora da Comunidade Autónoma de Galicia e solicitou a transferencia do seu expediente a administración estatal.

Atendendo á distribución por provincias a 31 de decembro de 2011, 76 exercen a actividade na Coruña, 19 en Lugo, 8 en Ourense e 34 en Pontevedra. En porcentaxe A Coruña é a provincia que ten maior proporción de mediadores, representando o 55% do total, seguida de Pontevedra co 25%, Lugo co 14% e Ourense é a provincia que ten menor presenza no sector da mediación cun 6% do total de mediadores.

#### 4.2.- Situación a 31 de decembro de 2012

A 31 de decembro de 2012, figuraban inscritos no Rexistro administrativo especial de mediadores de seguros, corredores de reaseguros e dos seus altos cargos da Comunidade Autónoma de Galicia 132 mediadores: 99 corredores e 33 axentes de seguros vinculados.

Atendendo á forma xurídica, 54 son persoas físicas e 78 persoas xurídicas, conforme se indica a continuación:

Situación Rexistro Autonómico a 31/12/2012	
Axentes vinculados.....	14
Corredores.....	40
<b>Total Persoas Físicas.....</b>	<b>54</b>
Sociedades de axencia de seguros vinculadas.....	19
Sociedades de corredoría.....	59
<b>Total Persoas Xurídicas.....</b>	<b>78</b>
<b>TOTAL MEDIADORES</b>	<b>132</b>

No ano 2012 foron inscritos no rexistro autonómico 4 corredores: 2 persoas físicas e 2 persoas xurídicas.

O descenso do total de mediadores no ano 2012 debeuse a cancelación de 9 mediadores: 2 axentes vinculados e 7 corredores. Os axentes vinculados, unha persoa física e outra xurídica solicitaron a cancelación da súa inscripción para exercer como axentes exclusivos.

Polo que respecta aos corredores, un físico e dous xurídicos tamén solicitaron a baixa para exercer a mediación como axentes exclusivos; dúas persoas físicas foron canceladas do rexistro por inscribirse como persoas xurídicas e outro corredor solicitou a baixa con motivo da súa xubilación. A outra sociedade de corredoría solicitou a transferencia do expediente á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións.

Atendendo á distribución por provincias, 75 exercen a actividade na Coruña, 18 en Lugo, 8 en Ourense e 31 en Pontevedra. A Coruña segue a ser a provincia que ten maior proporción de mediadores aumentando a presenza fronte a Pontevedra, Lugo e Ourense que continúan coas mesmas posicións que en anos anteriores.

---

#### 4.3.- Evolución do rexistro autonómico 2007-2012

No Anexo I recóllense os datos relativos á evolución dos mediadores inscritos no rexistro autonómico desde o ano 2007.

#### 4.4.- Mediadores inscritos no rexistro estatal a 31 de decembro de 2012

A pesar de que o Ministerio de Economía e Competitividade non achegou ningunha información sobre os mediadores domiciliados en Galicia que estaban inscritos a 31 de decembro de 2011 no rexistro estatal, tras unha labor de busca dos datos que figuraban no PUI a 31 de decembro de 2012 resultou a seguinte información:

- 238 corredores: 61 persoas físicas e 177 xurídicas
- 16 axentes de seguros vinculados: 2 físicas e 14 xurídicas
- 4 operadores de banca-seguros vinculados
- 2 corredores de reaseguros



## 5.- INDICADORES REFERIDOS AOS MEDIADORES INSCRITOS NO REXISTRO AUTONÓMICO

### 5.1.- PRIMAS

No ano 2011 os mediadores inscritos no rexistro autonómico acadaron un volume total de case 79 millóns de euros de primas intermediadas das que o 25,63% corresponden a nova producción. Neste importe apreciase unha lixeira diminución con respecto ás primas intermediadas no ano anterior que é mais acentuada na nova producción.

PRIMAS INTERMEDIADAS	ANO 2011	ANO 2010
Total Negocio	78.987.121,02	79.665.759,02
Nova Producción	20.243.320,45	22.755.541,66

#### 5.1.1.- Distribución por ramos

Neste apartado amósase a distribución das primas intermediadas en ramos de vida e de non vida. A información está dividida en varios cadros por volume total, nova producción, porcentaxes e tipos de mediadores.

O ramo de non vida supón case o 88% do volume total da carteira intermediada e o 12% restante corresponde aos ramos de vida variando lixeiramente respecto ás porcentaxes de 2010.

VOLUME TOTAL NEGOCIO RAMOS NON VIDA E VIDA							
TOTAL NEGOCIO	VINCULADOS P.F.	VINCULADOS P.X	TOTAL VINCULADOS	CORREDORES P.F.	CORREDORES P.X	TOTAL CORREDORES	TOTAL
NON VIDA	3.030.363,04	7.483.435,56	10.513.798,60	13.000.451,81	45.698.542,64	58.698.994,45	69.212.793,05
VIDA	379.949,73	892.978,67	1.272.928,40	3.583.248,79	4.918.150,78	8.501.399,57	9.774.327,97
TOTAL	3.410.312,77	8.376.414,23	11.786.727,00	16.583.700,60	50.616.693,42	67.200.394,02	78.987.121,02

PORCENTAXE RAMOS NON VIDA E VIDA SOBRE TOTAL NEGOCIO							
RAMOS	VINCULADOS P.F.	VINCULADOS P.X	TOTAL VINCULADOS	CORREDORES P.F.	CORREDORES P.X	TOTAL CORREDORES	TOTAL
NON VIDA	88,86%	89,34%	89,20%	78,39%	90,28%	87,35%	87,63%
VIDA	11,14%	10,66%	10,80%	21,61%	9,72%	12,65%	12,37%



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE FACENDA

Dirección Xeral de Política Financeira  
e Tesouro

### VOLUMEN TOTAL NEGOCIO E NOVA PRODUCCIÓN EN RAMOS NON VIDA

RAMO NON VIDA	VINCULADOS P.F.	VINCULADOS P.X	TOTAL VINCULADOS	CORREDORES P.F.	CORREDORES P.X.	TOTAL CORREDORES	TOTAL
TOTAL NEGOCIO	3.030.363,04	7.483.435,56	10.513.798,60	13.000.451,81	45.698.542,64	58.698.994,45	69.212.793,05
NOVA PRODUCCIÓN	898.768,31	1.707.689,34	2.606.457,65	2.817.967,91	11.227.135,24	14.045.103,15	16.651.560,80

### VOLUMEN TOTAL NEGOCIO E NOVA PRODUCCIÓN EN RAMOS VIDA

RAMO VIDA	VINCULADOS P.F.	VINCULADOS P.X	TOTAL VINCULADOS	CORREDORES P.F.	CORREDORES P.X.	TOTAL CORREDORES	TOTAL
TOTAL NEGOCIO	379.949,73	892.978,67	1.272.928,40	3.583.248,79	4.918.150,78	8.501.399,57	9.774.327,97
NOVA PRODUCCIÓN	74.072,17	266.080,27	340.152,44	1.300.101,32	1.951.505,89	3.251.607,21	3.591.759,65

#### 5.1.2 - Distribución ramos de non vida

Nos seguintes cadros amósanse os cinco primeiros ramos de non vida en volume de primas entre os axentes vinculados e os corredores. Como pode observarse o ramo de autos encabeza os ramos de non vida en todas as figuras da mediación seguido a grande distancia polos multiriscos.

#### DISTRIBUCIÓN RAMOS NON VIDA: VINCULADOS P.F.

RAMOS NON VIDA	TOTAL NEGOCIO
AUTOS	1.699.679,09
MULTIRRISCO FOGAR	290.887,88
R.C. EN XERAL - OUTROS RISCOS	240.741,00
MULTIRRISCO COMERCIOS	222.809,70
MULTIRRISCO INDUSTRIAIS	151.651,41

RAMOS NON VIDA	NOVA PRODUCCIÓN
AUTOS	452.683,82
R.C. EN XERAL - OUTROS RISCOS	124.860,82
MULTIRRISCO FOGAR	79.646,20
MULTIRRISCO COMERCIOS	56.844,64
MULTIRRISCO INDUSTRIAIS	52.782,20

#### DISTRIBUCIÓN RAMOS NON VIDA: VINCULADOS P.X.

RAMOS NON VIDA	TOTAL NEGOCIO
AUTOS	5.208.526,77
MULTIRRISCO FOGAR	544.361,04
MULTIRRISCO INDUSTRIAIS	322.884,67
MULTIRRISCO COMERCIOS	239.532,90
MULTIRRISCO COMUNIDADES	232.986,40

RAMOS NON VIDA	NOVA PRODUCCIÓN
AUTOS	1.268.825,36
MULTIRRISCO FOGAR	97.581,61
MULTIRRISCO INDUSTRIAIS	79.546,96
MULTIRRISCO COMUNIDADES	74.883,25
MULTIRRISCO COMERCIOS	42.179,85

#### DISTRIBUCIÓN RAMOS NON VIDA: CORREDORES P.F.

RAMOS NON VIDA	TOTAL NEGOCIO
AUTOS	7.750.362,97
MULTIRRISCO FOGAR	1.139.134,36
MULTIRRISCO COMUNIDADES	824.640,09
R.C. EN XERAL - OUTROS RISCOS	590.834,17
ENFERMIDADE	522.537,78

RAMOS NON VIDA	NOVA PRODUCCIÓN
AUTOS	1.829.945,42
CAUCIÓN	240.783,83
MULTIRRISCO FOGAR	149.703,39
OUTROS DANOS A BENS, ROUBOS OU OUTROS	127.146,97
R.C. EN XERAL - OUTROS RISCOS	114.566,14



### DISTRIBUCIÓN RAMOS NON VIDA: CORREDORES P.X.

RAMOS NON VIDA	TOTAL NEGOCIO	RAMOS NON VIDA	NOVA PRODUCCIÓN
AUTOS	22.643.277,50	AUTOS	6.630.337,46
CRÉDITO	5.063.378,15	R.C. EN XERAL - OUTROS RISCOS	836.544,24
R.C. EN XERAL - OUTROS RISCOS	4.148.019,13	CRÉDITO	581.671,89
MULTIRRISCO INDUSTRIALIS	2.601.738,11	MULTIRRISCO INDUSTRIALIS	522.086,20
MULTIRRISCO FOGAR	2.508.608,01	MULTIRRISCO FOGAR	494.138,86

#### 5.1.3 - Distribución ramos de vida

Na distribución do ramo de vida os seguros individuais acaparan case a totalidade do negocio fronte aos seguros colectivos.

ANO 2011	TOTAL NEGOCIO	NUEVA PRODUCCIÓN
INDIVIDUAL	9.668.395,23	3.584.656,44
COLECTIVO	105.932,74	7.103,21
TOTAL	9.774.327,97	3.591.759,65

ANO 2010	TOTAL NEGOCIO	NUEVA PRODUCCIÓN
INDIVIDUAL	9.470.037,86	3.416.793,29
COLECTIVO	112.684,34	13.837,37
TOTAL	9.582.722,20	3.430.630,66

A maior producción correspondeu a seguros individuais intermediados por corredores como se reflexa nos seguintes cadros:

#### VOLUMEN TOTAL NEGOCIO RAMOS VIDA POR FIGURA

TOTAL NEGOCIO	VINCULADOS P.F.	VINCULADOS P.X.	TOTAL VINCULADOS	CORREDORES P.F.	CORREDORES P.X.	TOTAL CORREDORES	TOTAL
INDIVIDUAL	371.517,37	884.510,03	1.256.027,40	3.562.338,14	4.850.029,69	8.412.367,83	9.668.395,23
COLECTIVO	8.432,36	8.468,64	16.901,00	20.910,65	68.121,09	89.031,74	105.932,74
TOTAL	379.949,73	892.978,67	1.272.928,40	3.583.248,79	4.918.150,78	8.501.399,57	9.774.327,97

#### VOLUMEN NOVA PRODUCCIÓN RAMOS VIDA POR FIGURA

NOVA PRODUCCIÓN	VINCULADOS P.F.	VINCULADOS P.X.	TOTAL VINCULADOS	CORREDORES P.F.	CORREDORES P.X.	TOTAL CORREDORES	TOTAL
INDIVIDUAL	73.933,98	264.060,62	337.994,60	1.299.752,69	1.946.909,15	3.246.661,84	3.584.656,44
COLECTIVO	138,19	2.019,65	2.157,84	348,63	4.596,74	4.945,37	7.103,21
TOTAL	74.072,17	266.080,27	340.152,44	1.300.101,32	1.951.505,89	3.251.607,21	3.591.759,65



#### 5.1.4.- Distribución por figura da mediación

	TOTAL NEGOCIO	% TOTAL NEGOCIO	NOVA PRODUCIÓN	% NOVA PRODUCIÓN	% NOVA PRODUCIÓN/ TOTAL NEGOCIO
VINCULADOS P.F.	3.410.312,77	4,32%	972.840,48	4,81%	28,53%
VINCULADOS P.X	8.376.414,23	10,60%	1.973.769,61	9,75%	23,56%
<b>TOTAL VINCULADOS</b>	<b>11.786.727,00</b>	<b>14,92%</b>	<b>2.946.610,09</b>	<b>14,56%</b>	<b>25,00%</b>
CORREDORES P.F.	16.583.700,60	21,00%	4.118.069,23	20,34%	24,83%
CORREDORES P.X.	50.616.693,42	64,08%	13.178.641,13	65,10%	26,04%
<b>TOTAL CORREDORES</b>	<b>67.200.394,02</b>	<b>85,08%</b>	<b>17.296.710,36</b>	<b>85,44%</b>	<b>25,74%</b>
<b>TOTAL</b>	<b>78.987.121,02</b>		<b>20.243.320,45</b>		<b>25,63%</b>

#### 5.1.5.- Distribución por compañías aseguradoras

Tendo en conta a actividade de mediación declarada polos distintos tipos de mediadores inscritos no rexistro autonómico no ano 2011, analízárónse as compañías de seguros coas que tiveron maior producción nese exercicio.

As cinco compañías con maior volume de primas totais foron as seguintes: (por orde alfabético)

- ALLIANZ COMPAÑÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS, SOCIEDAD ANÓNIMA
- COMPAÑÍA ESPAÑOLA DE SEGUROS DE CRÉDITO A LA EXPORTACIÓN S.A.,(CESCE)
- GENERALI ESPAÑA, SOCIEDAD ANÓNIMA DE SEGUROS Y REASEGUROS
- GROUPAMA, SEGUROS Y REASEGUROS, S.A.
- REALE SEGUROS GENERALES, S.A.

#### 5.1.6.- Rede de distribución

No exercicio 2011 a rede de distribución das primas é a que se indica no seguinte cadro. Os axentes de seguros vinculados persoas físicas únicamente utilizaron a rede propia.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE FACENDA

Dirección Xeral de Política Financeira  
e Tesouro

## REDE DE DISTRIBUCIÓN DE PRIMAS POR FIGURA

REDE	VINCULADOS P.F.	VINCULADOS P.X	TOTAL VINCULADOS	CORREDORES P.F.	CORREDORES P.X.	TOTAL CORREDORES	TOTAL
PROPIA	3.410.312,77	8.253.712,15	11.664.024,92	15.853.055,13	42.337.560,56	58.190.615,69	69.854.640,61
AUXILIARES NON ASESORES	0,00	122.702,08	122.702,08	730.645,47	8.237.060,54	8.967.706,01	9.090.408,09
AUXILIARES-ASESORES	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
OTROS CORREDORES	—	—	0,00	0,00	42.072,32	42.072,32	42.072,32
<b>TOTAL</b>	<b>3.410.312,77</b>	<b>8.376.414,23</b>	<b>11.786.727,00</b>	<b>16.583.700,60</b>	<b>50.616.693,42</b>	<b>67.200.394,02</b>	<b>78.987.121,02</b>

## 5.2.- COMISIÓNS

5.2.1.- Distribución por ramos

Analizando a distribución das comisión percibidas por ramos, apréciase que nos ramos de non vida se obteñen valores moi superiores aos ramos de vida.

COMISIÓNS RAMOS NON VIDA E VIDA POR FIGURAS E TOTAIS								
RAMO	VOLUME	VINCULADO P.F.	VINCULADO P.X	TOTAL VINCULADOS	CORREDOR P.F.	CORREDOR P.X.	TOTAL CORREDORES	TOTAL
NON VIDA	TOTAL NEGOCIO	14,26%	12,59%	13,07%	14,20%	13,91%	13,98%	13,84%
	NOVA PRODUCCIÓN	14,30%	10,98%	12,12%	11,50%	12,81%	12,55%	12,48%
VIDA	TOTAL NEGOCIO	4,81%	3,84%	4,13%	3,65%	3,97%	3,84%	3,87%
	NOVA PRODUCCIÓN	4,28%	2,59%	2,96%	2,14%	2,70%	2,48%	2,52%
TOTAL VIDA E NON VIDA		13,20%	11,65%	12,10%	11,92%	12,95%	12,69%	12,61%



### 5.2.3- Distribución no ramo de non vida

RAMO	VINCULADO P.F.	VINCULADO P.X.	TOTAL VINCULADOS	CORREDOR P.F.	CORREDOR P.X.	TOTAL CORREDORES	TOTAL
Autos	180.896,17	552.853,04	733.749,21	893.968,97	2.572.545,36	3.466.514,33	4.200.263,54
Multimisco fogar	65.351,38	121.770,66	187.122,04	267.793,55	585.448,71	853.242,26	1.040.364,30
RC outros riscos	42.552,25	29.185,83	71.738,08	98.355,21	691.841,19	790.196,40	861.934,48
Multimisco industriais	26.603,55	55.707,49	82.311,04	80.986,25	509.566,15	590.552,40	672.863,44
Multimisco comunidades	19.442,59	41.496,40	60.938,99	162.281,87	369.367,39	531.649,26	592.588,25
Crédito	0	0	0	0	521.252,74	521.252,74	521.252,74
Multimisco comercios	41.795,23	44.837,74	86.632,97	103.383,47	228.727,27	332.110,74	418.743,71
Accidentes	17.721,41	20.220,66	37.942,07	55.220,59	196.118,50	251.339,09	289.281,16
Transportes	1.578,75	33.688,09	35.266,84	10.847,45	167.538,61	178.386,06	213.652,90
Outros multiriscos	861,96	4.907,86	5.769,82	8.370,00	114.445,81	122.815,81	128.585,63
Enfermidade	4.651,12	6.475,45	11.126,57	62.686,17	45.491,11	108.177,28	119.303,85
Asistencia Sanitaria	7.589,02	5.544,05	13.133,07	14.486,33	88.344,99	102.831,32	115.964,39
Deceses	12.707,81	1.795,07	14.502,88	9.761,45	55.036,26	64.797,71	79.300,59
Defensa xurídica	3.605,14	11.741,72	15.346,86	20.202,01	37.971,97	58.173,98	73.520,84
Perdas diversas	2.721,04	5.209,27	7.930,31	16.023,34	34.336,41	50.359,75	58.290,06
Outros danos: Avaría	0	3.760,77	3.760,77	2.093,98	45.672,51	47.766,49	51.527,26
Incendios	834,29	190,13	1.024,42	4.318,16	36.682,83	41.000,99	42.025,41
Outros danos: Roubo	0	44,2	44,2	21.552,36	12.697,90	34.250,26	34.294,46
Caución	0	0	0	9.949,28	13.875,06	23.824,34	23.824,34
Outros danos Agrarios	0	0	0	1.539,02	19.061,91	20.600,93	20.600,93
Asistencia	2.692,80	2.511,77	5.204,57	1.370,22	12.080,93	13.451,15	18.655,72
RC riscos nucleares	389,82	0	389,82	463	833,99	1.296,99	1.686,81
<b>TOTAIS</b>	<b>431.994,33</b>	<b>941.940,20</b>	<b>1.373.934,53</b>	<b>1.845.652,68</b>	<b>6.358.937,60</b>	<b>8.204.590,28</b>	<b>9.578.524,81</b>

En ramos de non vida o total de comisións devengadas polos mediadores inscritos no rexistro da comunidade autónoma no ano 2011, ascende á cantidade de 9.578.524,81 euros fronte aos 9.388.704,85 do ano 2010, o que supón un lixeiro incremento respecto ao ano anterior.

Como se pode apreciar no cadro, as comisións no ramo de autos son as de maior volume seguidas a gran distancia polo ramo de responsabilidade civil e multiriscos do fogar continuando a tendencia de anos anteriores.

### 5.2.4. Distribución no ramo de vida

RAMO DE VIDA	VINCULADO PF	VINCULADO PX	TOTAL VINCULADOS	CORREDOR PF	CORREDOR PX	TOTAL CORREDORES	TOTAL
Individual	16.995,05	33.136,59	50.131,64	127.817,67	189.077,79	316.895,46	367.027,10
Colectivo	1.281,12	1.183,41	2.464,53	2.814,86	6.407,97	9.222,83	11.687,36
<b>TOTAL</b>	<b>18.276,17</b>	<b>34.320,00</b>	<b>52.596,17</b>	<b>130.632,53</b>	<b>195.485,76</b>	<b>326.118,29</b>	<b>378.714,46</b>



En ramos de vida o total de comisiós devengadas polos mediadores inscritos no rexistro da comunidade autónoma no ano 2011, acadou a cantidade de 378.714,46 euros fronte aos 441.990,80 do ano 2010, o que supón un descenso do 14,31% respecto ao ano anterior. Os seguros individuais supoñen case a totalidade das primas e comisiós do ramo de vida.

#### 5.2.4.- Distribución por figura da mediación

COMISIÓNS TOTAL NEGOCIO E NOVA PRODUCCIÓN POR FIGURA E TOTAIS							
COMISIÓNS	VINCULADOS P.F.	VINCULADOS P.X	TOTAL VINCULADOS	CORREDORES P.F.	CORREDORES P.X.	TOTAL CORREDORES	TOTAL
TOTAL NEGOCIO	450.270,50	976.260,20	1.426.530,70	1.976.285,21	6.554.423,36	8.530.708,57	9.957.239,27
NOVA PRODUCCIÓN	131.694,27	194.329,09	326.023,36	352.009,21	1.490.736,51	1.842.745,72	2.168.769,08

No exercicio 2010 as comisiós ascenderon a 9.830.695,65 euros das que 2.438.389,46 corresponden á nova producción.

#### 5.3.- HONORARIOS

No exercicio 2011 unicamente as sociedades de corredoría facturaron honorarios profesionais.

A maioría dos honorarios profesionais se corresponden con pólizas de seguros de non vida, e mais concretamente no ramo de autos. No seguinte cadro se detallan os honorarios desglosados en ramos de non vida e de vida.

HONORARIOS EN RAMOS DE NON VIDA	
Autos	178.819,04
Accidentes	18.473,97
R.C. en xeral-Outros riscos	13.297,52
Multirrisco fogar	12.803,79
Decesos	7.897,25
Crédito	6.044,43
Pérdidas diversas	2.291,72
Outros multirriscos	1.301,95
Multirrisco comercios	958,27
Transportes	682,03
Multirrisco comunidades	243,77
Enfermedad	10
<b>TOTAL:</b>	<b>242.823,74</b>
HONORARIOS EN RAMOS DE VIDA	
Individual	254,59
<b>TOTAL:</b>	<b>254,59</b>
<b>TOTAL HONORARIOS</b>	<b>243.078,33</b>



No exercicio 2010 os honorarios facturados corresponderon ao ramo de non vida por un total de 229.739,07 o que supón un lixeiro incremento no ano 2011.

## 6.- ESTRUTURAS EMPRESARIAIS

### 6.1 Medios persoais

Atendendo unicamente ao persoal afecto á mediación estruturamos os medios persoais polas súas funcións da seguinte forma: órgano de dirección, empregados con funcións de asesoramento, empregados sen funcións de asesoramento e auxiliares externos, tanto asesores como non asesores.

Da información contida na documentación estatístico contable correspondente ao exercicio 2011 achegada polos mediadores inscritos no rexistro especial de mediadores da comunidade autónoma de Galicia elaborouse o seguinte cadro de estrutura.

MEDIOS PERSOAIS VINCULADOS Á MEDIACIÓN

	VINCULADOS P.F.	VINCULADOS P.X	TOTAL VINCULADOS	CORREDORES P.F.	CORREDORES P.X	TOTAL CORREDORES	TOTAL
ÓRGANO DE DIRECCIÓN	15	21	36	43	66	109	145
EMPREGADOS CON ASESORAMIENTO	1	12	13	11	55	66	79
EMPREGADOS SIN ASESORAMIENTO	1	4	5	15	35	50	55
AUXILIARES NON ASEORES	2	1	3	16	162	178	181
AUXILIARES-ASEORES	0	0	0	0	1	1	1

Do cadro anterior obsérvase que 460 persoas, directa ou indirectamente, participaron no ano 2011 na actividade de mediación a través dos mediadores inscritos no rexistro da comunidade autónoma fronte os 422 do ano anterior. O incremento veu propiciado sobre todo polo número de auxiliares non asesores (181 fronte aos 142 de 2010).



## 6.2.- Oficinas e sucursais

	VINCULADO P.F.	VINCULADO P.X.	TOTAL VINCULADOS	CORREDOR P.F.	CORREDORES P.X.	TOTAL CORREDORES	TOTAL
Nº EMPRESAS	15	20	35	43	60	103	138
Nº OFICINAS	15	21	36	44	64	108	144
Nº SUCURSAIS	0	1	1	1	4	5	6

Das 144 oficinas declaradas unicamente 6 son sucursais ocupadas na súa maioría por sociedades de corredoria.

## 7.- CONCLUSIÓNS:

Nos últimos cinco anos o número de mediadores inscritos no rexistro autonómico da comunidade autónoma segue unha tendencia crecente no que o número de altas superan ás baixas sendo mais acusada no exercicio 2011 aínda que no exercicio 2012 rompeuse esta tendencia.

A Coruña segue a sendo a provincia que abarca maior número de mediadores con diferenza respecto as outras provincias, sen embargo Pontevedra acapara o maior número de axentes vinculados.

O negocio intermediado polos mediadores inscritos no rexistro autonómico no ano 2011 acadou preto dos 80 millóns de euros pero baixou con respecto ao ano anterior.

O ramo de non vida segue acaparando o negocio dos mediadores de seguros, o ramo de autos encabeza o ranking do negocio de non vida seguido a gran distancia polos multiriscos.

O ramo de vida supón pouco máis do 10% do negocio, na súa maior parte en seguros individuais.



O negocio dos axentes de seguros vinculados persoas físicas e o da maioría das persoas xurídicas foi distribuído a través da súa propia rede. Pola súa parte os corredores de seguros valéronse dos auxiliares externos para distribuir o 15% do seu negocio.

Os corredores de seguros retribúense na maior parte a través das comisións, os honorarios supoñen unha pequena parte dos seus ingresos por mediación.




ANEXO I: Evolución do rexistro autonómico 2007-2012

MEDIADORES INSCRITOS						
TIPO	2007	2008	2009	2010	2011	2012
VINCULADOS	8	23	28	30	35	33
CORREDORES	85	96	99	97	102	99
TOTAL MEDIADORES	93	119	127	127	137	132





MEDIADORES POR FIGURA						
TIPO	2007	2008	2009	2010	2011	2012
VINCULADOS P.F.	3	9	9	12	15	14
VINCULADOS P.X.	5	14	19	18	20	19
CORREDORES P.F.	35	39	40	40	42	40
CORREDORES P.X.	50	57	59	57	60	59





ALTAS E BAIXAS MEDIADORES						
	2007	2008	2009	2010	2011	2012
ALTAS	18	26	17	6	14	4
BAIXAS	-10	0	-9	-6	-4	-9

